

Programa

1ª PARTE

BUMM DE ANTÓN ALCALDE

Os Caprichos de Goya de Martínez Gallego

2ª PARTE

A CONSAGRACIÓN DA PRIMAVERA

DE STRAVINSKY

I. A ADORACIÓN DA TERRA

II. O SACRIFICIO



CONCERTO CONXUNTO DAS BANDAS MUNICIPAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DE A CORUÑA

TEATRO COLÓN

21 de xuño de 2019

20.30 horas

**DIRECTOR TITULAR
JUANJO OCÓN**

Vindeiros Concertos

8 DE AGOSTO

PLAZA DAS BÁRBARAS

15 DE AGOSTO

PLAZA DE MARÍA PITA

22 DE AGOSTO

PLAZA DAS BÁRBARAS

A BMMC estará de volta coas súas actividades no mes de agosto, no marco das Festas de María Pita

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es



CORUÑA
>PRÓXIMA





NOTAS AO PROGRAMA

Despois da celebración conxunta o pasado ano dos respectivos aniversarios (a Banda de música municipal de Santiago de Compostela os 170 anos e a Banda de música municipal de A Coruña, 70 anos), este ano volvémonos xuntar para amosar a calidade e vitalidade da que gozan as agrupacións da nosa terra e que o público disfrute da riqueza e vangarda do repertorio do que gozan estas formacións, e que son unha aposta común pola dignificación dunhas agrupacións que máis que nunca son un instrumento social vertebrador da nosa sociedade.

Unhas agrupacións do pobo e para o pobo que teñen as cadeiras dos seus concertos reservadas para toda a cidadanía.

ESTREA DO DOCUMENTAL “GABRIEL É O NOSO AMIGO”

Ademáis de todo isto, estaremos o documental “Gabriel é o noso amigo” dirixido por Mario Pilarte, que recolle diversos momentos do concerto celebrado en honor a Gabriel o pasado 11 de abril no Teatro Colón cando descubre que a peza que está a escoitar trata sobre él e a súa familia.

Gabriel é un neno con varias discapacidades de difícil diagnóstico e o maior fan da banda de A Coruña. Dende fai algúns anos acude aos concertos e ten todos os discos e vídeos da agrupación. É así como nace esta bonita amizade entre o neno e os membros da banda.

A peza musical é composta polo director da banda municipal, Juanjo Ocón, e nela pódense diferenciar tres partes: na primeira transmítese como afronta a situación a nai da familia; na segunda o amor entre nai e fillo; e finalmente, a peza remata cun ritmo alegre transmitindo a diversión que sente Gabriel coa música.

Pilarte resume o documental nunha frase: “afinando a infancia”. Pero recalca unha frase que lle dixo Juanjo Ocón e que considera, resume aínda mellor o documental: “A música é o mellor piropo para a alma”.

“Gabriel é o noso amigo” enmárcase no programa Cultura Accesible e Inclusiva da Fundación Emalca e conta co apoio de entidades como a Fundación María José Jove, Repsol, Vegalsa, Fundación Banco Sabadell e Naturgy.